

000007

REGULAMENTO DE REGIME INTERNO

DO

DEPARTAMENTO DE ANÁLISE MATEMÁTICA

DA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1.

O Departamento de Análise Matemática da Universidade de Santiago de Compostela, rexerase, no marco do sinalado na Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria, e no Real Decreto 2360/1984, do 12 de decembro, polo disposto nos Estatutos da Universidade e no presente Regulamento.

Artigo 2.

1. O Departamento de Análise Matemática da Universidade de Santiago de Compostela agrupa a tódolos docentes e investigadores pertencentes á área de coñecemento de Análise: Matemática agás as excepcións previstas no Artigo 8 do Real Decreto 2360/1984. A este fin consideraranse investigadores do Departamento aqueles doutores que teñan relación contractual co mesmo como tales.

2. O Departamento de Análise Matemática é o órgano encargado, en tódolos Centros da Universidade de Santiago de Compostela da organización e desenvolvemento do ensino e a investigación na dita área de coñecemento.

Artigo 3.

Para os efectos que atinxe ó Artigo 15 dos Estatutos da Universidade, o Departamento de Análise Matemática estará adscrito á Facultade de Matemáticas, Centro no que se ubicará a súa sede.

Artigo 4.

O Consello de Departamento poderá propor á Xunta de Goberno a creación de Seccións Departamentais, nas condicións sinaladas nos Estatutos da Universidade, no caso en que o espallamento xeográfico o aconselle.

Dr. Xosé María López

000009

CAPÍTULO I: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 5.

Son órganos de dirección e xestión do Departamento de Análise - Matemática os seguintes:

- a) O Consello de Departamento.
- b) A Comisión Permanente.
- c) O Director.
- d) O Secretario.
- e) Os Directores das Seccións Departamentais, no seu caso.

Artigo 6.

1.- O Consello de Departamento estará composto por:

- a) Os Catedráticos, Profesores Titulares, Profesores Asociados e Profesores Eméritos integrados no mesmo.
- b) Os Axudantes do Departamento.
- c) Os bolsellos de investigación e investigadores integrados no Departamento.
- d) Unha representación dos estudantes do ámbito da docencia do Departamento, elixida anualmente entre eles, que supoñerá o vinte e cinco por cento do total dos membros do Consello de Departamento, e deles o dez por cento será do primeiro e segundo ciclos e o quince por cento do terceiro ciclo.

2.- O Consello de Departamento poderá convidar ás súas reunións para discutir asuntos específicos, con voz pero sen voto, a persoas que poidan resultar afectadas polos mesmos.

Artigo 7.

Corresponderá ó Consello de Departamento:

- a) Elixilo Director, e, no seu caso, propoñer á Xunta de Go-

me Secretario

000010

berno a sua remoción mediante escrito razoado que deberá ser aprobado por maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.

b) Elaborar e aproba-lo Regulamento de funcionamento interno e, no seu caso, reformalo.

c) Informar sobre a procedencia ou non da minoración ou cambio de denominación ou de categoría das prazas de Catedrático ou Profesor Titular do Departamento.

ch) Solicita-la convocatoria a Concurso de prazas vacantes, propoñelo nomeamento dos Profesores que formarán parte da Comisión de acordo co disposto no Artigo 110 dos Estatutos, e a fixación do posible perfil sobre as tarefas docentes e investigadoras.

d) Propoñe-la contratación de Profesores Asociados e Visitantes, e o nomeamento de Profesores Eméritos de acordo co disposto no Artigo 113 e 131, respectivamente, dos Estatutos.

e) Propoñe-la convocatoria a Concurso das prazas de Axudantes e efectua-la proposta de Profesores do Departamento que formen parte da Comisión que xulgue este concurso.

f) Informar sobre a procedencia de que os Axudantes realicen noutra institución os estudos ós que se refire o Artigo 34.4 da Lei de Reforma Universitaria.

g) Propoñer, no seu caso, o acceso ás categorías contractuais, ás que fai referencia o Artigo 104 dos Estatutos, daqueles Profesores non numerarios que prestaban os seus servicios na data de entrada en vigor dos Estatutos da Universidade.

h) Propoñer á Xunta de Goberno a creación de Seccións Departamentais e, no seu caso, desenvolve-las normas do seu funcionamento.

i) Aproba-lo Programa de Organización Docente.

k) Programa-la avaliación do rendemento dos estudantes.

the (García)

- l) Elabora-los programas plurianuais de investigación.
- ll) Aproba-las propostas dos programas de doutoramento para a -
súa tramitación á Comisión correspondente.
- lm) Asigna-los titores dos alumnos do terceiro ciclo.
- n) Admitir ou rexeita-los proxectos de tese de doutoramento.
- ñ) Informar se procede ou non a ampliación do prazo para pre-
senta-la tese de doutoramento.
- o) Da-la súa conformidade para a presentación das teses de dou-
toramento.
- p) Formula-las propostas para o nomeamento dos tribunais que -
deberán xulga-las teses de doutoramento.
- q) Ser oído para a admisión de estudantes de terceiro ciclo -
doutras universidades e informar sobre a convalidación de cursos -
realizados.
- r) Informa-los pedimentos de financiación da investigación con
cargo a fondos distintos dos da Universidade.
- s) Da-la conformidade ó Director do Departamento para a nego-
ciación dos traballos e cursos ós que se refire o Artigo 11 da Lei
de Reforma Universitaria.
- t) Propoñe-la contratación temporal de persoal que colabore -
na investigación.
- u) Aproba-la memoria anual sobre o labor docente e investiga-
dor realizado, ó que se refire o Artigo 117 dos Estatutos.
- v) Propoñer nomeamentos de Doutores Honoris Causa.
- w) Aproba-lo presuposto anual do Departamento e a súa execu-
ción.

San Sebastián

000012

x) Informar sobre a asignación dos conceptos retributivos os - que alude o Artigo 46.2 da Lei de Reforma Universitaria.

y) Aqueloutras competencias que, non estando especificadas nes te Regulamento, lle veñan atribuídas pola lexislación vigente.

Artigo 8.

En tódolos asuntos relacionados coas actividades investigadoras ou coa procedencia do cambio de denominación ou categoría dunha praza, así como sobre o sistema para a súa provisión, o Consello de Departamento estará composto polo seu persoal docente e investigador e un estudante do terceiro ciclo.

Artigo 9.

1.- O Consello de Departamento reunirse por iniciativa do Director, da Comisión Permanente, ou previo pedimento dun tercio dos membros do Consello. En todo caso deberá celebrar alomenos unha reunión cada cuatrimestre.

2.- Salvo que o Consello de Departamento determine o contrario, as súas reunións terán lugar na sede do Departamento.

3.- As reunións do Consello de Departamento serán convocadas - coa suficiente antelación, tendo en conta, no seu caso, a existencia de membros do mesmo en campus distintos do da sede do Departamento.

Artigo 10.

A Comisión Permanente estará composta por: O Director do Departamento que a convoca e preside, o Secretario, dous Profesores e un Alumno. Os membros non natos da Comisión serán elixidos entre e polos membros de cada sector que formen parte do Consello de Departamento.

Para Gerardo B. B.

000013

Artigo 11.

Son competencias da Comisión Permanente:

- a) Coordena-las actividades do Departamento.
- b) Asesora-lo Director.
- c) Elabora-lo proxecto das previsións presupostarias.
- d) Elabora-lo Programa de Organización Docente.
- e) Aquelas funcións administrativas de trámite que non estean expresamente atribuídas a outros órganos de goberno ou que o Consello de Departamento delegue nela.

Artigo 12.

1.- O Director do Departamento será elixido polo Consello de Departamento de acordo cun regulamento elaborado e aprobado pola Xunta de Goberno, e será nomeado polo Rector da Universidade.

2.- O cargo de Director de Departamento desempeñárase durante tres anos, con posibilidade de reelección.

3.- En caso de ausencia, enfermidade ou dimisión do Director do Departamento, sustituirá como Director accidental o Profesor de categoría superior máis antigo no Departamento.

4.- En todo caso, o rexime de adicación a tempo completo será un requisito necesario para o desempeño da dirección do Departamento.

Artigo 13.

1.- O Director do Departamento será o encargado da súa representación.

2.- Corresponderá ó Director do Departamento:

- a) Presidir e convoca-lo Consello de Departamento.

Prof. Superior

000014

b) Executa-los acordos adoptados polo Consello de Departamento e velar polo seu cumprimento.

c) Organizar e coordinar, de conformidade co Consello de Departamento, os medios persoais e materiais dos que se dispoña da maneira máis axeitada para cumprir-los obxectivos dos investigadores e docentes do mesmo.

d) Elaborar, con asistencia do Secretario e a información facilitada polos Profesores e investigadores do Departamento, a memoria anual das actividades desenvolvidas polo mesmo.

e) Executa-las previsións presupostarias.

f) Negociar con entidades públicas e privadas, e de acordo co Consello de Departamento, os traballos e cursos ós que se refire o Artigo 11 da Lei de Reforma Universitaria, sempre que isto afecte ó Departamento como tal Departamento.

g) Calquera outra que afecte ó Departamento e non fora explicitamente atribuída ó Consello, á Comisión Permanente, ou a outros órganos da Universidade.

San Sebastián

Artigo 14.

1.- Ó Secretario do Departamento nomearao o Director entre os seus Profesores e Axudantes.

2.- Son funcións do Secretario do Departamento:

a) Levantar acta das sesións do Consello de Departamento.

b) Expedi-las certificacións que lle correspondan e tramitalas propostas.

c) Coidar do arquivo e da documentación do Departamento.

d) Redactar todos cantos escritos de carácter administrativo - lle sexan encomendados, coa autorización explícita do Director.

e) Exercer, por delegación do Director, a xefatura inmediata do Persoal de Administración e Servicios especificamente adscrito ó Departamento.

000015

Artigo 15.

En cada un dos Centros en que o Departamento dispensa docencia existirá un coordinador, designado polo Consello de Departamento, - que desempeñará funcións de enlace co Director.

CAPÍTULO II: DA ORGANIZACIÓN DOCENTE

Artigo 16.

O Consello de Departamento realizará anualmente a planificación da súa actividade docente.

Artigo 17.

O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico. Correspóndelle ó Consello de Departamento aprobar esta programación así como o seu presupuesto.

Artigo 18.

Os Profesores que desexen organizar ou dispensar cursos, congresos, conferencias ou seminarios, sen cargo ós créditos do Departamento, comunicaranllo previamente ó seu Director. No caso de que se utilice o nome do Departamento ou algún dos seus medios, equipamentos, - instalacións ou servicios, necesariamente terán que contar coa autorización do Departamento.

Dr. Xosé G. G. G.

000016

CAPÍTULO III: DA INVESTIGACIÓN

Artigo 19.

1.- O Consello de Departamento elaborará e aprobará os programas plurianuais de investigación, nos que se recollerán as liñas de investigación, os proxectos específicos e mailos recursos de persoal e material necesarios.

2.- A devandita programación deberá ter en conta, no seu caso, a existencia de membros do Departamento en diferentes campus, de xeito que exista unha igualdade de oportunidades para realizar investigación.

Artigo 20.

1.- O Departamento, ou os seus Profesores a través del, poderá contratar con entidades públicas ou privadas ou ben con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, e mailo desenvolvemento de cursos de especialización, formación ou perfeccionamento..

2.- O procedemento para a sinatura dos ditos contratos é o establecido no "Regulamento para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico e desenvolvemento de cursos de especialización", aprobado pola Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 21.

Tendo en conta os seus programas de investigación, o Departamento poderá contratar temporalmente persoal que colabore no desenvolvemento dos mesmos, con cargo ós fondos específicos de investigación asignados pola Universidade ou ós procedentes de financiación exterior.



000017

Artigo 22.

Tódolos pedimentos de financiamento con cargo a fondos non universitarios deberán ser informados previamente polo Consello de Departamento.

CAPÍTULO IV: DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

Artigo 23.

O Consello de Departamento elaborará os cadros de persoal docente e investigador, tendo en conta os diferentes campus nos que o Departamento ten asignada docencia.

Artigo 24.

1. As propostas de nomeamentos de bolseiros e mailas de contratación de persoal con cargo a créditos xerais do Departamento serán presentadas ó seu Consello para a súa aprobación e tramitación ó Rectorado, no seu caso.

2. As propostas de nomeamentos de bolseiros e mailas de contratación de persoal con cargo a fondos dun proxecto de investigación serán postas en coñecemento do Consello de Departamento polo investigador responsable do dito proxecto. O Consello de Departamento, logo de emitilo oportuno informe, tramitaraas ó Rectorado.

Artigo 25.

Para que persoas alleas ó Departamento poidan utilizar regularmente algún dos seus medios, equipamentos, instalacións ou servicios, necesariamente terán que contar coa autorización do Consello de Departamento.

Mr. George D. ...

000018

CAPÍTULO V: DO REXIME ECONÓMICO

Artigo 26.

Para atende-las súas necesidades, o Departamento contará cos seguintes recursos:

- a) Os créditos que se lle concedan nos presupostos da Universidade.
- b) As imposicións procedentes dos contratos ós que se refire o Artigo 20 do presente Regulamento.
- c) Calquera outra imposición que se lle poida atribuír.

Artigo 27.

1.- Antes do 15 de novembro de cada ano, o Secretario do Departamento recibirá mediante o procedemento oportuno, as diferentes previsións de gastos para o ano seguinte.

2.- De acordo coas ditas previsións a Comisión Permanente do Departamento elaborará e presentará ó seu Consello o presuposto anual de gastos e imposicións para a súa aprobación

3.- No presuposto figurarán dous grandes grupos de gastos: os de funcionamento e mailos de apoio á investigación.

Artigo 28.

1.- Os gastos de funcionamento comprenden os ordinarios, material de oficina, adquisición de libros e, en xeral, todos aqueles necesarios para dispensa-la docencia.

2.- A distribución da dita partida farase de xeito que cada Sección Departamental ou unidade docente de campus poida contar cun crédito mínimo. A cantidade restante distribuirase consonte os criterios xerais aprobados pola Xunta de Goberno para a distribución da dita partida entre os Departamentos.

Dr. Secretario

000018

CAPÍTULO VI: DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 29.

A iniciativa para a reforma do Regulamento deberá ser asinada polo 30% dos membros do Consello de Departamento. Deberá contelo texto articulado que se propón introducir e a motivación na que se fundamenta.

Artigo 30.

A proposta será sometida a unha votación de toma en consideración polo Consello de Departamento, que decidirá por maioría absoluta dos seus membros.

Artigo 31.


De tomarse en consideración a proposta, abrirase un prazo para a presentación de emendas, que serán discutidas e votadas polo Consello de Departamento, facendose ó remate unha votación conxunta da proposta definitiva que precisará para ser aprobada a maioría absoluta dos seus membros.

Artigo 32.

Se a proposta é rexeitada non poderá presentarse outra sobre o mesmo tema no mesmo curso académico.

DILIXENCIA: Para deixar constancia de que o presente Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Análise Matemática da Universidade de Santiago de Compostela foi aprobado polo Consello do Departamento, na sesión celebrada o día catorce de xullo de mil novecentos oitenta e seis.


O SECRETARIO DO DEPARTAMENTO



Fdo.: José Benito Costal Pereira

Vº e Pr.

O DIRECTOR DO DEPARTAMENTO



Fdo.: Gerardo Rodríguez López

000020


Artigo 33.

As reunións dos Organos Colexiados deste Departamento serán convocadas conforme ó Artigo 26 da Ley 30/1992, do 26 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, establecéndose a posibilidade dunha segunda convocatoria con un quorum de -
alo menos dun tercio dos seus membros.

DILIXENCIA: Para facer constar que o Artigo 33 deste Regulamento foi aproba do polo Consello de Departamento, na sesión celebrada o día 14 de xullo de 1993, coa finalidade de adaptar o Regulamento á Ley 30/1992, de 26 de novem bro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimien to Administrativo Común.

Santiago, 29 de xullo de 1993


O SECRETARIO DO DEPARTAMENTO



Asdo.: José M^a Paredes

Vº e Pr.

O DIRECTOR DO DEPARTAMENTO



Asdo.: Miguel del Río Vázquez